



A Igrexa galega que soñamos e pola que nos esforzamos

Lois Ferradás Blanco¹

Que igrexa soñamos? Por que igrexa estamos dispostos a traballar nos nosos días en Galicia. A resposta que humildemente se ofrece a estas preguntas apóiase máis en prácticas, experiencias e reflexións feitas desde a informalidade da base ca desde unha competencia académica que o autor non posúe sobre temas teolóxicos. Quero organizar esta achega arredor de tres grandes eixes ou ideas principais, asumindo o risco de ir máis aló das ideas ou ideais nos que todo o mundo está de acordo e tratar de concretar algunhas tarefas urxentes aquí e agora, tratando de extraer as consecuencias para o noso contexto. Á hora de formular estas tarefas, sen renunciar a un horizonte de cambios utópicos, trataremos de facer propostas realizables incluso dentro das actuais estruturas da igrexa, sen cambios doutrinais nin do Código de Dereito Canónico. Dariámonos por satisfeitos se, de momento, a Igrexa en Galicia sintonizara o seu reloxo co do papa Francisco.

O que ofrecemos a continuación é un bosquejo ou rabuño, unhas ideas apenas intuídas e insinuadas, necesitadas de aclaracións e desenvolvemento, xa que sen dúbida tratan de maneira simple unha realidade complexa e plural, que precisa da achega de diversas disciplinas e persoas.

¹ Lois Ferradás Blanco é profesor no Departamento de Didáctica e Organización Escolar da Facultade de Ciencias da Educación da USC, membro de Nova Escola Galega (Movemento de Renovación Pedagóxica) e tamén fundador, profesor e director da Escola Alento de Educadores no Tempo Libre.